

JACQUES DERRIDA

1. Biografía

Jacques Derrida naceu o 15 de xullo de 1930 no Biar, preto de Alxer, cando Alxeria formaba parte do imperio colonial francés. Foi un dos filósofos máis importantes da segunda metade do século XX e o creador da **deconstrución**, un método de análise que cuestiona as ideas tradicionais sobre a verdade, a linguaxe e o significado. As súas obras sitúanse dentro do **postestructuralismo**, unha corrente que critica a idea de que existen estruturas fixas e estables que expliquen definitivamente a realidade.

A súa forma de pensar estivo moi condicionada pola súa experiencia persoal e as influencias filosóficas que recibiu. Durante a súa infancia, sufriu discriminación por ser xudeu, xa que foi expulsado da escola durante o réxime de Vichy. Máis tarde trasladouse a París para estudar na École Normale Supérieure, onde entrou en contacto coa **fenomenoloxía**, o **estructuralismo** e a **filosofía contemporánea**. Alí estudou a autores como Edmund Husserl, Martin Heidegger, Ferdinand de Saussure e Friedrich Nietzsche. De todos eles tomou elementos fundamentais: de Husserl, o interese pola conciencia; de Heidegger, a crítica á metafísica; de Saussure, a idea de que os signos só significan pola súa relación con outros signos; e de Nietzsche, a desconfianza cara ás verdades absolutas.

A partir destas influencias, Derrida concluíu que o significado nunca está completamente presente nin pode fixarse dunha vez para sempre. Nos anos sesenta, nun contexto de fortes cambios sociais e culturais, desenvolveu a deconstrución e iniciou unha crítica da tradición filosófica occidental, especialmente do **logocentrismo**, é dicir, da crenza en que existe un centro estable que garante a verdade. Posteriormente ampliou o seu pensamento cara a cuestións éticas e políticas como a xustiza, a democracia e os dereitos humanos. A súa filosofía tamén xerou polémica: en 1992 produciuse o chamado “Cambridge Affair”, cando varios intelectuais protestaron pola decisión da University of Cambridge de concederlle un doutoramento honoris causa, argumentando que o non cumpría cos estándares de "claridade e rigor". A controversia mostrou o forte debate que existía arredor do valor e a forma de entender a filosofía de Derrida.

Ao longo da súa carreira, foi profesor en Francia e nos Estados Unidos, e as súas ideas influíron en campos tan diversos como a literatura, o dereito, a arquitectura e os estudos culturais. Morreu en París o 9 de outubro de 2004. O seu legado consiste en mostrar que os conceptos e os textos non teñen un significado único e definitivo, senón que permanecen sempre abertos á interpretación.

2. Obras importantes

Jacques Derrida ten moitas obras, pero estas son as máis importantes:

A voz e o fenómeno: Nesta obra Derrida critica a fenomenoloxía de Husserl. Analiza e desmonta como vía Husserl a conciencia e a voz interior do pensamento.

Husserl afirmaba que no teu pensamento o significado é puro e está completamente presente debido a que te oes a ti mesmo sen necesidade nin de escribir nin falar. Derrida di xusto o contrario: non é puro nin directo debido a que nese pensamento estás usando a linguaxe e funciona con signos que implican diferenza e no son puros.

A escritura e a diferenza: É un conxunto de ensaios onde Derrida analiza a outros filósofos e desmonta as súas ideas filosóficas. O libro tamén critica o logocentrismo, é dicir, a tendencia a privilexiar a voz fronte á escritura debido a que a fala ten un significado completamente presente co pensamento. Para facelo, redefine o concepto de escritura como un sistema de pegadas e trazas. Os signos non teñen un significado propio senón que teñen relación con outros signos, por diferenza (o azul é azul porque non é vermello, nin amarelo nin verde...). Por iso un signo nunca ten un significado completo (sempre depende de outros signos). Ademais introduce o concepto de **différance** que combina dous significados da palabra diferir, diferir de ser distinto (a relación dos signos por diferenza) e diferir de aprazar no tempo (o significado nunca se pecha, se preguntan que significa can se contesta con mamífero, animal etc... pero todas estas palabras necesitan outra explicación).

Aquí Derrida usa a deconstrución, analiza aos textos doutros filósofos para mostrar como están organizados por oposicións (escribir/falar, natureza/cultura), pero estas oposicións non son estables. Normalmente consideran un termo superior a outro pero o superior, en realidade no podería funcionar sen o inferior.

Espectros de Marx: Nesta obra analiza o marxismo pouco despois da caída do bloque soviético. Di que o marxismo é un espectro, nesa época a poboación dicía que o marxismo estaba morto, el o desmente opinando que é un espectro debido a que non está morto porque segue vixente, axexando ao presente.

Explica que os problemas que Marx criticaba como as desigualdades ou a explotación seguen existindo. Derrida creou o concepto de hauntoloxía (alternativa á ontoloxía), esta ocupase do que non está completamente presente pero segue influíndo, parece que desapareceu pero segue estando aí. Mirando dende esa perspectiva o pasado nunca desaparece, continúa como unha pegada no presente e temos responsabilidade sobre elas, as inxustizas non foron resoltas e non poden pechar as etapas coma se estiveran limpas e sen restos.

Derrida non di que hai que volver a un marxismo ríxido, senón que hai que manter o seu espírito para poder criticar as inxustizas que el dixerá ao igual que coas demais etapas da historia.

Forza da lei: Esta obra trata sobre a diferenza entre dereito (lei) e xustiza. O dereito está formado por unha serie de normas escritas con regras claras que poden aplicarse mentres que a xustiza non é unha regra nin está escrita, é algo moito máis profundo. Hai en casos concretos nos que seguir a lei non é facer xustiza. O dereito é calculable mentres que a xustiza non o é, non pode determinarse por unha serie de regras.

Tamén sostén que toda lei ten unha orixe que non é 100% racional, a lei se impón sen poder xustificarse por si mesma.

A partir de isto Derrida explica a idea de que a xustiza nunca se alcanza completamente pero fainos revisar e reinterpretar as leis.

Mateo Allo Fernández, Alicia Muñoz Méndez e Mónica Rodríguez Yllanes 1º BAC. A

3.Importancia para a filosofía e o seu pensamento

Estuda a concepción de linguaxe e signo de Saussure (dividido en significante e significado), e o seu concepto de diferencial (un signo significa unha cousa porque non significa outras). Derrida analiza o signo e como forma parte dun sistema de valores relacionados entre si. Chega á conclusión de que o signo non está composto de significante e significado, que a partir de só o significante é imposible chegar á realidade, só se chega a outras palabras/significantes (coma nas definicións dos dicionarios). Isto exprésao na frase *Il n'y a pas de hors-texte*, quere dicir que do texto non saímos nunca.

Para desconstruír a idea de que a fala é superior á escritura e un mellor espello do pensamento crea a palabra *différance*, que ten a mesma pronuncia en francés que a xa existente *différence*. Une os conceptos de diferir (ser distinto) e pospoñer (aprazar o significado). Tamén emprega o termo **pegada** para referirse ó rastro que deixa o que non está presente, unha palabra só significa algo pola pegada das outras que non son ela, como ocorre co concepto "porco", que contén as pegadas de "rosa", "sucio" ou "granxa" para definirse.

Derrida critica os binomios, como os conceptos binarios cos que traballan os estruturalistas, un ten primacía sobre o outro, e critica a Aristóteles e a súa búsqueda da verdade a través de definicións de conceptos, que segundo Derrida fixan unha versión de cada concepto (o que é verdade/mentira, bo/malo). Tamén critica o binomio voz/escritura: a filosofía historicamente puxo a fala sobre a escritura (logocentrismo), pensando que reflexa o pensamento de forma inmediata e verdadeira. Derrida sostén que a linguaxe é unha archi-escritura; o pensamento mesmo xa funciona como un sistema de signos diferidos.

En canto á deconstrución, concepto que o levou a revolucionar a filosofía contemporánea: Segundo Derrida, todas as frases do tipo a deconstrución é X ou non é X son como mínimo falsas, así que poñamos un exemplo: Derrida deconstrúe a Saussure no anterior párrafo, desmontándoo, levándoo máis adiante. Estuda o seu pensamento e elévao, creando algo novo. Outro exemplo: derrida escribe de forma intencionalmente difícil e evita definicións precisas porque non quere fixar conceptos. Cando fixamos conceptos, acotamos, afastámonos da realidade. Para el, a metafísica busca un significado trascendental, que se tenta asignar a un concepto (Deus, o home...), mentres que el intenta desestabilizar os conceptos. A deconstrución busca demostrar que a xerarquía entre os binomios é arbitraria. e que ambos dependen un do outro. Non consiste en destruír os textos, senón en mostrar as tensións internas, contradicións e dependencias ocultas que existen neles

Derrida tenta levarnos á aporía, un estado de paradoxo onde nos enfrontamos ao imposible (outro dos motivos da súa complexidade). Aceptala é un sinal de madurez mental. A realidade é contradictoria e non se pode reducir a unha soa definición fixada polo poder.

A partir de 1972 da un xiro cara a ética e política presentándose como un dos defensores máis liberadores e democráticos ao cuestionar o nacionalismo e as políticas de exclusión.

“Es cierto, estoy en guerra conmigo mismo, y no tienes idea hasta qué punto, más de lo que puedas imaginar; y digo cosas que se contradicen, que están en verdadera tensión entre sí, que me componen, que me hacen vivir y que me matarán.”

-Jacques Derrida